


**Queda
en Mos**
Comercio e hostalaría
de proximidade

I edición

QUEDA EN MOS

Evento sobre o pequeno comercio

1 de Outubro 2023

DOSSIER DE EXPOSITOR





Comerciante de Mos

Invitámoste a participar dun novo proxecto **sociable, experiencial e xenuíno** para o noso municipio. Trátase da **I edición do evento Quédate en Mos** no **Multiusos das Pozas o próximo 1 de outubro de 2023**.

Somos unha comunidade que está a vivir unha grande transición no ámbito socioeconómico e como comerciante formas parte importante de lograr un novo impulso.

Consulta as **bases de participación gratuíta** >>> <https://www.quedaenmos.es>

A iniciativa surxe para a dinamización do pequeno comercio e pymes dando continuidade ás accións xa iniciadas coa creación da web **www.quedaenmos.es** e p seu enriquecemento.

Os antecedentes deste evento xa comenzaron no ano 2020 con motivo do paro pola pandemia onde iniciamos un directorio web coa finalidade de que o comercio se visibilizase nunha **plataforma única**. Agora vamos a visibilizalo, facelo crecer e sacar proveito.

Se dirixes un pequeno comercio, neste mesmo instante ábrense oportunidades para mellorar as relacións empresariais. **¡Invitámoste a participar e formar parte!**



Índice

- Que é Queda en Mos?
- Novos tempos para o comercio
- O evento iniciador das conversas
- Organización do evento comercial: cando e onde?
- Obxectivos do evento
- Cómo inscribirse na I edición QedaenMos
- Contacto



Que é Queda en Mos?

Queda en Mos, é unha **iniciativa do Concello de Mos** para o **desenvolvemento da unión e dinamización do comercio** e hostalaría mosense. A través dun proxecto que agora comeza serán realizadas accións que promovan o comercio e se active o **asociacionismo comercial**.

Actualmente, Mos ten un comercio activo pero resulta necesario **organizar a súa exposición ao público, concentrar esforzos para a comunicación promocional e xerar intereses** que o público obxectivo aínda descoñece. Esta proposta encárgase de poñer en marcha as accións que suplan estas necesidades.

O proxecto xa ten en marcha tres accións encamiñadas para este ano que darán comezo ao **plan director** para lograr **notoriedade, crecemento e sostenibilidade** do comercio de proximidade. Consideramos que é algo **urxente** para evitar a fuga dos nosos cidadáns a outros núcleos de compra e ser un estímulo real para emprendedores.

Accións en marcha:

- Páxina web www.quedaenmos.es para comerciantes.
- Evento **formato centro comercial** Queda en Mos (I Edición) para o público.
- Redacción de un **Plan director** que recolla os obxetivos compartidos.





Novos tempos para o comercio

En Mos, existen máis de **200 establecementos de pequeno formato** que representan unha actividade empresarial que impacta no contexto económico do municipio desde fai décadas.

Debido a unha ausencia dun núcleo urbano histórico, os comerciantes, separados pola distancia orográfica e por limitacións naturais enfrentáronse no pasado a dificultades e barreiras estruturais ao longo do tempo.

Os obstáculos que padeceron ata agora os comerciantes na actualidade poden ser suavizados e superados polo apoio doutros recursos.

A TECNOLOXÍA COMO PUNTO DE UNIÓN: www.quedaenmos.es

Coa accesibilidade que permite a **tecnoloxía**, os comerciantes poden unirse nun **punto en común de forma sinxela e útil** a través da **plataforma dixital** www.quedaenmos.es, que tamén irá asociado a perfís de **redes sociais** propias en instagram e tiktok .

A web expón un **directorio centralizado coa clasificación de categorías sectoriais con imaxes identificativas**.

Unha medida de **transformación dixital** que axudará aos comerciantes para estar visible e conectado.



Perfil Instagram



O evento iniciador das conversas

Como institución pública **pretendemos activar as conversas** de intercambio necesarias entre os cidadáns **no contexto comercial**.

Propoñemos un evento que sexa o **iniciador de encontros** propicios para xerar oportunidades. As accións que se realizarían no evento son:

- Xornada para a comunicación sobre as vantaxes da unión comercial.
- Sondaxes da visión dos comerciantes. escoita activa.
- Exposición dunha mostra de comerciantes ao público visitante.
 - 23 expositores
- Presentación dos obxetivos xerais do futuro proxecto.

Preténdese que xenere **unha intensa actividade social, experiencial e xenuína nas seguintes relacións de intercambio:**

comerciantes - comerciantes
institucións - comerciantes
comerciantes - público visitante

O **formato experiencial** facilitaría unha recordación positiva e a posibilidade de que asista máis diversidade de público. Estas son as actividades complementarias que se pretenden engadir:

- Actividades demostrativas
- Praza gastronómica
- Animación infantil
- Música con performance



Organización dun evento comercial

Celebramos o comezo!

O evento iniciador, coa primeira edición, vai xerar un ambiente **auténtico, sociable, experiencial e xenuíno.**

Ideal para xerar outro **pilar locomotor** dun plan director.

MERCADO ABERTO 2023

Queda en Mos
Comercio e hostalaría de proximidade

1 OUTUBRO 2023
10:00-21:00H
MULTIUSOS DAS POZAS
Petelos

CENTRO COMERCIAL ABERTO NA PRAZA CON OPORTUNIDADES

Área de terraceo con **bebidas e tapas**

Música en directo **Actividades infantís de balde**

Síguenos en
@quedaenmos

MOS OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA

Cando e ónde?

Día: 1 de Outubro

Horario: 10:00h a 21:00h

Lugar: Multiusos das Pozas de Mos.



Obxectivos do evento

Dinamizar encontros entre **comerciantes, profesionais e empresari@s**.

Presentar ao público obxectivo a **diversidade sectorial e convidalo a facer as súas compras no municipio no momento do evento**.

Acción offline que permite visibilizar o comercio como un centro comercial vivo e dinámico. Un espazo físico real para dar conta dun proxecto comercial unificado e que esa impresión permaneza na mente do consumidor.

Promocionar produtos e ofrecer actividades demostrativas ao público visitante.

Captar a atención de persoas con iniciativas emprendedoras para motivalos.

Xerar un encontro **formativo, executivo e alentador** con información útil para desenvolver proxectos propios no municipio con emprendedores e donos de negocios:

- Promover o **asociacionismo**.
- **Activar accións recurrentes** para que o evento non sexa unha medida illada e si o iniciador de campañas ao longo do ano.

Visibilizar o carácter do comercio pequeno que, convive cun comercio de grande formato apoiado en marcas renombradas a nivel nacional e con valores alleos ao municipio, pero que a gran masa de xente coñece. Buscamos o aproveitamento de todo o tráfico de público a estes centros para comunicar o pequeno comercio (Leroy Merlin, Gadis, Alcampo, Eroski, +Cocinas, Aldi, Burguer King, Mcdonalds, etc...)





Cómo inscribirse na I edición de Queda en Mos?

Formulario na páxina web

Fai **CLIC AQUÍ** e descarga as **BASES** e o **MODELO DE SOLICITUDE DE COLABORACIÓN E ACEPTACIÓN DO CONTIDO DAS BASES** no evento **QUEDA EN MOS 2023**

Queres formar parte do evento QUEDA EN MOS 2023 ou queres inscribirte na nosa web?

É moi sinxelo!
Se queres participar en QUEDAENMOS 2023 descarga as BASES de participación e cubre o **MODELO DE SOLICITUDE DE COLABORACIÓN E ACEPTACIÓN DO CONTIDO DAS BASES** e envíao ó noso mail ou adxúntao no formulario de rexistro.

Se queres soamente **inscribirte na web QUEDAENMOS.ES** envíanos un mail co asunto **INSCRICIÓN NA WEB** ou no formulario activa a casilla e poñerémonos en contacto contigo.

Tel: 986 487 786

Mail: info@quedaenmos.es

FORMULARIO

Nome *

Carmen Vila Lorenzo

Nome do teu negocio

Zapatería Go!

Correo electrónico *

zapateriago@gmail.com

Número de teléfono *

000000000

Opcións

Quero inscribirme na web

Quero inscribirme como expositor no evento QUEDAENMOS2023

Documento adxunto

[Elegir archivo](#) Ningún arquivo seleccionado

Se queres participar no evento QUEDA EN MOS 2023 adxunta cuberto o **MODELO DE SOLICITUDE DE COLABORACIÓN E ACEPTACIÓN DO CONTIDO DAS BASES**

Para inscribirse segue os seguintes pasos:

1- **Accede á web:** www.quedaenmos.es

2- **Ingresas a través do menú en:** Inscríbete en QuedaenMos 2023

3- **Cubre os datos do formulario**

4 -**Indica na casilla de elección:** Quero inscribirme como expositor no evento QUEDAENMOS2023

Cando o envíes, o personal do Concello entrará en contacto para formalizar a participación no evento.



ANÍMATE A PARTICIPAR!



Contacto

Concello de Mos

Concellería de emprego e
participación cidadá

Axencia de colocación de Mos

Organización I edición Queda en Mos

986 48 77 86

Email: info@quedaenmos.es

Equipo de atención: Laura García e Yaël Barcala

GRAZAS